



PLAN DIXITAL

[CEIP RODOLFO NÚÑEZ
RODRÍGUEZ]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introdución

Na medida en que concibe a educación como un fenómeno que non pode desligarse da sociedade, e ao mesmo tempo como un elemento compensador das desigualdades sociais, o Centro asume a concepción da educación como un servizo público, cuxos principios básicos son a participación e a xestión democrática por parte da comunidade escolar, xunto coa defensa da liberdade de ensino, recoñecidas polas leis. Debe destacarse como liña fundamental neste sentido o dereito que asiste a todos por igual a recibir unha educación de calidade que posibilite o desenvolvemento integral do alumnado como persoa, e onde comprenda que o límite á súa expresividade este fixado no respecto aos demais. A tarefa docente está presidida, entre outros, por criterios como a flexibilidade e imaxinación na posta ao día da educación. Créanse novos espazos a enfoques e prácticas renovadoras, estando en todo momento abertos a novas interpretacións pedagóxicas como resposta a necesidades sociais. De igual modo, principios como a tolerancia, a comprensión e a solidariedade deben facerse operativas no Centro, defendendo o compromiso na defensa da Paz. Pretendemos preparar ao alumnado para integrarse nunha sociedade complexa e cambiante, e ser membros

activos e responsables dela. Isto esixe recoñecer que a súa inserción no mercado laboral deberá producirse nunha contorna competitiva, que o alumnado deberá asumir de modo realista.

1.1. Datos básicos do centro

O CEIP Rodolfo Núñez Rodríguez é un centro público onde se imparten ensinanzas de educación infantil e primaria.

O colexio está situado na rúa Toural s/n, 32617 Vilardevós, Ourense. Pódese acceder a el a través deste enderezo, ao número de teléfono 988788530, ao correo electrónico ceip.rodolfo.nunhez@edu.xunta.gal ou ao enderezo web www.edu.xunta.gal/centros/ceiprodfonunhez.

Actualmente cóntase cun alumnado reducido, 25 alumnos e alumnas, distribuídos nunha aula de infantil, unha aula de 1º e 3º de primaria, unha aula de 4º de primaria e unha aula de 5º e 6º.

O centro conta tamén cunha mestra de educación infantil, un mestre de música, un mestre de educación física, unha mestra de Inglés e unha mestra de audición e linguaxe a tempo completo. Un día á semana acoden o mestre de relixión católica e a xefa do departamento de orientación. Grazas ao programa Recupeta-T, contamos no primeiro trimestre cunha mestra de pedagogía terapéutica (ARCO) a media xornada, e durante todo o curso cunha mestra de pedagogía terapéutica (PROA-+).

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro recibe alumnado da maior parte das parroquias do concello: Arzádegos, Terroso, Resoxende, Vilardecervos, Devesa, Bemposta, Dona Elvira, Traseirexa, Osoño, Vilarello e Veiga das Meás principalmente. Trátase pois dun centro rural con pouco alumnado e moi disperso entre si. O perfil sociocultural é principalmente baixo, sendo o concello o máis pobre da provincia de Ourense con unha renda per cápita anual baixa. O centro conta con servizos complementarios de comedor e transporte, dos que son usuarios a maioría de rapaces e rapazas matriculados no centro. O Plan Dixital de Centro, de agora en diante PDC, ten que formar parte das señas de identidade do centro e polo tanto contribuí e formar parte do PE. O alumnado do CEIP Rodolfo Núñez Rodríguez, debe ser un alumnado formado en todas as competencias que establece a lei educativa e polo tanto, a competencia dixital ten que traballarse a todos os niveis. O PDC ten que establece estratexias para que o alumnado adquira os aprendizaxes a través de medios dixitais e teña estes medios como recurso para a súa aprendizaxe. Non podemos esquecer que dentro das señas de identidade no PE, temos un amplo alumnado de atención a diversidade para o cal, os recursos que podemos ofrecer a través de medios dixitais serán claves para traballar e lograr un maior éxito académico e social. A comunicación coas familias nos tempos nos que vivimos xa non pode estar limitada aos medios escritos, o plan dixital ten que aportar ao noso PE, un sistema de información e comunicación moito máis completo que o que ata agora se mantíña. Con respecto a outros plans, a difusión do noso idioma e o traballo de actividades e recursos a través das novas tecnoloxías educativas, farán que a difusión do Plan de Dinamización da Língua Galega acade maior calado. Nun futuro a curto prazo, o centro ten previsto a súa incorporación a plans de innovación coma E-Dixgal para que o alumnado realice as súas aprendizaxes a través de medios dixitais e podan estar máis preparados na realidade educativa actual. O PDC contribúe a Programación Xeral Anual do curso 22/23 en dúas vías:

- a) Integración de sistemas de avaliación a través de ferramentas dixitais.
- b) Dotación de medios e recursos para o profesorado e alumnado para a mellora académica.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Os centros educativos forman parte dun mundo en cambio permanente e dunha sociedade e mercado laboral cada vez máis dixitalizado e por esa razón, os centros educativos deben dar respostas a esas necesidades e demandas da sociedade e mercado laboral para poder formar cidadáns do futuro coas competencias necesarias para desenvolverse nunha contorna dixitalizada. O uso da tecnoloxía nas diversas prácticas que teñen lugar nunha organización escolar, desde as relacionadas coas cuestións organizativas, ata as propias dos procesos de ensino e aprendizaxe é xa ineludible. A Educación é un recurso crave para asegurar a igualdade social, a promoción das persoas e máis xenericamente a mellora das condicións de vida de comunidades e persoas. Así pois, a Estratexia Europa 2020 reconece a necesidade dunha transformación dos sistemas de educación e formación que garanta a adquisición de competencias dixitais, que á súa vez permitan aproveitar as oportunidades. Por outra banda, as organizacións educativas teñen a necesidade de revisar as súas estratexias co obxectivo de

mellorar a súa capacidade para promover a innovación e sacar o máximo partido das tecnoloxías da información e comunicación, e dos recursos educativos dixitais.

Mediante o presente plan, preténdese:

- Avaliar a situación dun centro educativo con relación ao uso da innovación e as TIC nos distintos elementos crave que recolle o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes, para poder, a continuación, deseñar e emprender un proceso de transformación no centro.
- Recoñecer o Plan anual dixital como un recurso crave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.
- Transformar o centro educativo nunha organización que aprende, sendo só posible se é unha organización dixitalmente competente.
- Valorar as implicacións das organizacións escolares para desenvolver unha cultura de dixital nas mesmas.

O marco legal xustificativo deste plan é

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O CEIP Rodolfo Núñez, como se explicou na contextualización, é un centro moi pequeno. Todos os docentes forman parte de todos os equipos.

Dito isto, todos os mestres somos membros do Equipo de Dinamización do Plan Dixital. As reunións celebráronse maioritariamente os luns nas horas de permanencia no centro sen alumnado.

A coordinadora do PFPP transmitía a información que recibía do mentor do CFR de Verín, e organizaba a tarefas a desenvolver (SELFIE, TEST CDD, Análise DAFO e Plan de Acción) para a consecución do Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

2.1.1. Descrición xeral:

- a) Tipo de conexión: Fibra
- b) Ancho de banda: FTTH_500MB_500MB
- c) Conexión por cable: 7 AULAS + Dirección, Biblioteca, Sala de ordenadores de mestres e Aula de Informática.
- d) Conexión WIFI 12 puntos de acceso que cubre todo o colexio.
- e) N° de aulas,espazos e outras dependencias con conexión: Todas

2.1.2 Equipamento dispoñible.

Equipos de sobremesa: 10

Equipos portátiles: 7

2.1.3 Aulas específicas de informática: 1

2.1.4 Outros equipos informáticos do centro

N° de encerados interactivos: 5 (dos que 1 son monitores Clevertouch)

N° de proxectores: 6

N° de escáner: 2

N° de fotocopiadoras: 2

N° de impresoras de rede (conectada a varios equipos) : 2

N° de impresoras locais (conectadas a un único equipo) : 1

2.1.5 Servizos dixitais educativos.

As ferramentas tecnolóxicas institucionais que emprega o centro neste momento son, a aula virtual(unha parte do profesorado, non todo), a páxina web do centro, xestionada polo coordinador TIC e abalar móbil, empregado por todo o profesorado.

2.1.6 Xestión do mantemento do equipamento do centro.

Esta xestión está contratada a través da empresa Solitium. Encárgase da sumministración de material informático e dixital e do mantemento dos equipos informáticos.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

A Comisión Europea desenvolveu unha ferramenta de autoavaliación SELFIE, dispoñible de forma gratuíta para todos os centros educativos, que lles permite obter en liña un informe de autoavaliación do centro (Informe SELFIE).

Para a análise da situación e realizar seguimento do centro no ámbito da innovación escolleuse esta ferramenta, que organiza a información segundo os bloques ou áreas que recolle o informe resultante da realización desta autoavaliación:

- Liderazgo.
- Desenvolvemento profesional.
- Infraestrutura e equipamento.
- Prácticas de ensino e aprendizaxe.
- Prácticas de avaliación.
- Competencia dixital do alumnado.

Ademais, terase presente de forma moi importante o MARCO EUROPEO DE COMPETENCIA DIXITAL.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	2,6				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,5				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado	3				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,5				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado	3,5				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2,7				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,4				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado	3,7				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,1				
	Profesorado	2,4				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,2				
	Profesorado	2,5				
	Alumnado	3,2				

O TESTCDD é un cuestionario de autorreflexión do profesorado que serve para planificar a formación futurado profesorado no ámbito dixital. A realización deste test foi a través de FPROFE. Os resultados foron os seguintes:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación

DEFINITIVO	<u>2</u>	<u>2</u>	<u>100,00%</u>
PROVISIONAL			
INTERINO	<u>4</u>	<u>4</u>	<u>100,00%</u>
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>61,2</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	<u>58,2</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	<u>68,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
PRI	<u>61</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	<u>77</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
ESO				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>1</u>	<u>16,70%</u>
A2	<u>2</u>	<u>33,30%</u>
B1	<u>6</u>	<u>50,00%</u>
B2		
C1		
C2		
TOTAL	<u>6</u>	<u>100,00%</u>

OUTRAS FONTES empregadas para a realización posterior do DAFO foron unha análise cualitativa e cuantitativa por áreas, así como as posibles causas das puntuacións máis altas e máis baixas obtidas tanto no informe SELFIE como no test CDD.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	- O noso centro ofrece acceso a Internet para o ensino e a aprendizaxe. - No noso centro hai dispositivos dixitais que pode utilizar no meu traballo como docente	- No noso centro, hai dispositivos portátiles propios e xestionados pola escola que os alumnos poden levar a casa cando o precisen. - A asistencia técnica está dispoñible no noso centro cando xurdan problemas coas

		<ul style="list-style-type: none"> tecnoloxías dixitais - Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe
PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - No noso centro respectamos os dereitos de autor e utilizamos licenzas cando utilizamos as tecnoloxías dixitais para o ensino e a aprendizaxe - No noso centro comentamos as vantaxes e inconvenientes de ensinar e aprender coas tecnoloxías dixitais - Utilizo as tecnoloxías dixitais para adaptar o meu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado - Utilizo datos dixitais sobre estudantes individuais para mellorar a súa experiencia de aprendizaxe - No noso centro o alumnado aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa - No noso centro o alumnado aprende a resolver problemas técnicos que se presentan ao utilizar as tecnoloxías dixitais - Tempo do que dispón o profesorado para explorar novas modalidades de ensino. - Incorporación nas diferentes materias de conceptos como a verificación da calidades da información, comportamento seguro e responsable do alumando na internet,... - Participación en el DPC - Intercambio de experiencias 	<ul style="list-style-type: none"> - No noso centro non temos unha estratexia dixital - No noso centro o alumnado aprende a comunicarse mediante as tecnoloxías dixitais - No noso centro o alumnado aprende a codificar ou programar - Necesidade de DPC - Creación de recursos dixitais
PERSOAL NON DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Estabilidade laboral do persoal non docente. 	
ALUMNADO		<ul style="list-style-type: none"> - Habilidades dixitais adquiridas polo alumnado en diferentes materias.
FAMILIAS		
OFERTA		
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> - Existencia de canles de comunicación entre as diferentes etapas do centro. - Diversidade da competencia dixital. - Utilización de plataformas dixitais promovidas pola administración. - Comunicación coa comunidade educativa 	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> - Achegas económicas que recibe o centro. - Actuacións da administración educativa. - Dotación do equipamento tecnolóxico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Tipoloxía de oferta educativa -Estabilidade laboral do persoal docente.
	LEXISLACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Lexislación educativa 	<ul style="list-style-type: none"> - Lexislación non educativa que afecta ao sistema educativo.
	CONTORNA	<ul style="list-style-type: none"> - Participación das familias. 	<ul style="list-style-type: none"> - Valoro as competencias dixitais que o alumnado desenvolveu fóra do centro educativo - Acceso do alumnado a dispositivos dixitais fóra do centro educativo.
	ANPA	<ul style="list-style-type: none"> - Relación coa ANPA 	<ul style="list-style-type: none"> - Oferta de actividades formativas e as condicións para a participación.
	OUTRAS ENTIDADES	<ul style="list-style-type: none"> - Estabilidade laboral do persoal non docente. - Recursos educativos en liña - Colaboración con institucións alleas ao centro educativo. - Recursos educativos abertos 	<ul style="list-style-type: none"> - Condición socioeconómicas da contorna - Relación con persoas que non forman parte da comunidade educativa.

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

O plan de acción está contemplado para que se vaia implantando ao longo do curso segundo a prioridade de actuación que se requira. Neste sentido, durante este curso prestarase especial atención a combater a fenda dixital, á formación do profesorado e do alumnado.

Cada unha das accións propostas terá asociado un obxectivo measurable, real, planificado e axustado ás necesidades do centro. As áreas onde incidirá este Plan Dixital son:

- Desenvolvemento profesional continuo
- Infraestruturas e recursos
 - Infraestruturas e equipos
 - Prácticas de avaliación
 - Pedagogía: apoio e recursos
 - Pedagogía e implementación na aula

Estes obxectivos son sacados do infome SELFIE, do TEST CDD e da análise DAFO.

Determinaranse unha serie de indicadores para medir a súa consecución durante a implantación. Para poder traballar cada un dos obxectivos, móstrase a información en táboas que recollen os seguintes aspectos:

- Áreas
- Obxectivo
- Responsable
- Indicadores do obxectivo
- Valor de partida e valor previsto
- Accións a desenvolver
- Seguimento da acción (valoración e estado)

A mesma táboa empregárase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: Desenvolvemento Profesional continuo						
1. OBXECTIVO (1):	Mellorar a competencia dixital dos docentes de acordo co nivel das competencias dixitais europeas				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo docente				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Superar a nosa competencia dixital dados os indicadores do test CDD					
Valor de partida (3)	A2					
Valor previsto e data (4)	B1			20/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Creación dun grupo de traballo	Coordinador TIC	01/10/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Realización curso de formación	Equipo docente	15/04/23	Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Compartir actividades e comparar resultados	Equipo docente	15/05/23	Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 2: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: Infraestructuras e Recursos						
2. OBXECTIVO (1):	Uso das TIC , como medio para completar a actividade docente				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo docente				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de materias nas que se empregan as TIC de forma interactiva					
Valor de partida (3)	O o número de materias nas que se emprega TIC interactivamente					
Valor previsto e data (4)	60% das materias			20/06/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Participación do profesorado nun curso	Equipo docente	08/09/22	Convocatoria de curso		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Determinación das actividades que se realizarán	Equipo docente	19/12/22	Actas de reunións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Publicación das mostras de uso	Equipo docente	02/06/23	Mostras actividades realizadas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 3: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: Prácticas de avaliación						
3. OBXECTIVO (1):	Avaliar o progreso da aprendizaxe do alumnado con tecnoloxías dixitais				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo docente				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de materias avaliadas por medio das TIC					
Valor de partida (3)	0% de materias avaliadas con TIC					
Valor previsto e data (4)	40% de materias avaliadas con TIC				10/05/23	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1:Formar ao profesorado no uso dos recursos que se ofrecen: Moodle, Av...	Coordinador TIC	30/09/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2:Formar ao alumnado no comportamento responsable na publicación de comentarios na AV	Equipo docente	15/03/23			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3:Preparar ao alumnado en prácticas de avaliación na AV	Equipo docente	10/05/23			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 4: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: Pedagogía: apoio e recursos						
4. OBXECTIVO (1):	Utilizar a Aula Virtual para facilitar a aprendizaxe do alumnado e que favorezan a adquisición de habilidades, destrezas e coñecementos.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo docente				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº de actividades levadas a cabo na AV do centro por docente implicado					
Valor de partida (3)	0 Actividades levadas a cabo					
Valor previsto e data (4)	4 Actividades levadas a cabo				30/06/23	
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Crear os cursos e matricular a profesores e alumnado na AV	Coordinador TIC	10/11/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Publicar actividades nos cursos correspondentes da AV	Mestre materia	31/03/23			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Traballar co alumnado nas actividades creadas	Mestre materia	30/06/23			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 5: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: Infraestrutura e equipos						
5. OBXECTIVO (1):	Manter e mellorar a páxina web do centro como medio difusor da información relevante.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Frecuencia mantemento da páxina web					
Valor de partida (3)	6 veces por curso académico					
Valor previsto e data (4)	9 veces por curso académico			30/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Reunión para redistribuir e mellorar os contidos pa páxina web	Coordinador TIC	10/10/22	Actas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Levar a cabo actividades didácticas e lúdicas para incluir na páxina web	Equipo docente	30/06/23	Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 6: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: Infraestrutura e equipos						
6. OBXECTIVO (1):	Actualizar os equipos dixitais da aula de informática				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo docente				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Actualizar os equipos coa último versión de software libre					
Valor de partida (3)	10,00% dos equipos					
Valor previsto e data (4)	50% dos equipos			21/12/22		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1:Determinar as necesidades dos equipos	Coordinador TIC	27/10/22	Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2:Solicitar a contratación de persoal externo para a actualización destes equipos	Coordinador TIC	21/12/22	Persoal externo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 7: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: Pedagogía e implementación na aula						
7. OBXECTIVO (1):	Participación no programa E-dixgal				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo docente				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Participación satisfactoria no programa E-dixgal					
Valor de partida (3)	0 Participación no programa E-dixgal					
Valor previsto e data (4)	Emprego de E-dixgal polo alumnado e profesorado de 5º EP				21/06/23	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Solicitud de participación no programa E-dixgal	Equipo docente	Marzo-abril 2023	Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: formación do profesorado para o uso de E-dixgal	Equipo docente	21/06/23	Equipos E-dixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo** (Time bound), isto facilitaríanos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR:** Permitirán **avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase A01.1., a segunda A01.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalzaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

(10) ESTADO: Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Con respecto á INFRAESTRUCTURA DE DATOS: Aumento da velocidade de rede para a inclusión no proxecto E-Dixgal.

Con respecto á AULAS DIXITALIZADAS: O centro non conta con ningunha aula dixitalizada preparada para proxectos como E-Dixgal.

Con respecto á AULA DE INFORMÁTICA: Actualmente estase a actualizar os equipos de sobremesa desta aula.

O departamento de Orientación precisa dun equipo informático. Nestes momentos non posee ningún tendo que empregar os da sala de mestres.

4. Avaliación do plan

No contexto da avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

Cando algunha das actividades estea rematada en función á súa data de inicio e data de finalización, realizarase tamén unha avaliación da mesma.

No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O noso Plan Dixital será presentado a todo o Claustro de profesores e aprobado polo Consello Escolar.

Cando este estea aprobado, darase a coñecer a toda a comunidade educativa mediante dúas vías:

- Inclusión do Plan Dixital na PXA do centro.
- Inclusión do Plan Dixital na páxina web do centro, no apartado de documentos de centro.